




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Valdoviño. Parroquia: Santiago de Pantín. Extensión: 0,80 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada areosa con acantilados de gran potencia nos seus laterais. A parede do cantil aumenta cara aos extremos e diminúe, ata case desaparecer, na parte central. As vertentes teñen, de xeito correlacionado, pendentes variables. Unha fractura de importancia é a responsable da apertura da enseada e das diferenzas morfolóxicas continentais. Forma un corredor central deprimido en dirección NO-SE que se prolonga por Vilarrube debuxando a rama sur da ría de Cedeira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade componse de anfibolita anteherciniana, con epidota, calcita, cuarzo e granate. Na parte oriental dúas estreitas bandas de gneis de dúas micas e rochas ultrabásicas serpentinizadas -esta só na metade norte- realizan unha transición, mediante frontes de cabalgamento, cara a rochas metabásicas en facies granulítica e anfibolítica pertencentes ao mesmo Complexo (Cabo Ortegal) e Idade (precámbrico-cámbrica). Sedimentos holocenos de praia en Baleo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco. A temperatura media anual non baixa de 14°C e a variación térmica anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. A precipitación acumulada ao longo do ano sitúase entre 800 mm e 1000 mm, aínda que aumenta lixeiramente cara á parte alta da vertente que pecha a unidade, no Monte A Gatos, onde se poden alcanzar os 1200 mm ao ano.

OS SOLOS

As rochas básicas condicionan os solos da unidade. Nos acantilados aparece o típico leptosol lítico, o tipo edáfico máis incipiente. O resto presenta un acrisol órtico agás a ladeira do Monte Burneira, composta por un umbrisol dístico.


AS AUGAS

Vertente costeira que forma unha pequena cunha ao redor da praia de Baleo pero sen un curso fluvial destacable. Verte á masa de Augas Costeiras 20119.

O PATRIMONIO NATURAL

A pesar da existencia dunha praia con certo tamaño, a ausencia de dunas e a existencia de acantilados tras o areal outórganlle finalmente máis importancia ao hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Ademais destacan, nas vertentes acantiladas, hábitats de matogueira do grupo 40, en concreto, as matogueiras atlánticas secas costeiras e continentais (4030 e 4040). O sector máis costeiro atópase incluído no LIC Costa Artabra. Conta con citas dos taxons vulnerables protexidos *Crepis novoana* e *Rumex rupestris*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

De forma graduada dende o areal de Baleo, enmarcado por acantilados de forte pendente, ata a estrada AC-566, o usos presentes nesta unidade son: o uso turístico do areal, o agrícola que rotura a pequena valgada e as zonas de ruptura de pendente da ladeira do Alto da Gasosa, ao que acompañan asentamentos tradicionais e crecements residenciais contemporáneos, e nas zonas de maior pendente e altitude, o uso forestal das masas de repoboación.

MORFOLOXÍA

O sistema de asentamentos presente está constituído por tres núcleos rurais tradicionais situados nas zonas altas da ladeira, como transición entre as terras de cultivo e as de explotación forestal, e cunha estrutura diseminada para adaptarse á pendente, aínda que cunha compoñente lineal predominante. Trátase dos núcleos do Ariño, A Pedreira e Figueredo. Ademais, seguindo a estrada AC-566 producíronse crecements residenciais de tipoloxía maioritaria unifamiliar illada e que non están vinculados á actividade rural.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Atravesada pola estrada AC-566, Ferrol-Ortigueira, que supón a única vía da rede primaria básica, complétase con camiños de servidume que conducen ata a praia de Baleo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se identificaron elementos do patrimonio cultural na unidade

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade presenta un carácter dual derivado dos procesos contemporáneos. Así, presenta un carácter rural tradicional asociado ao conservado modelo de organización tradicional, que vai diminuindo a favor do carácter turístico que lle imprime o uso recreativo da praia de Baleo. A organización orixinal baséase no aproveitamento en socalcos da vertente da valgada, mentres que os novos usos teñen a concentrarse ao redor do areal.

DINÁMICA DA PAISAXE

Ámbito cun grao de antropización crecente polo significativo incremento da edificación de vivenda unifamiliar vinculada a usos turísticos ou de segunda residencia, provocando unha perda do carácter natural que mantivo ata épocas recentes.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Mantén unha coherencia paisaxística o pequeno anfiteatro no que se constitúe a unidade presidido pola profunda praia de Baleo, enmarcada polo mosaico agrícola e forestal que se estende sobre as ladeiras circundantes, que permite realizar unha lectura comprensiva do modelo de organización tradicional do territorio. Identifícanse ademais valores xeomorfolóxicos e ecolóxicos nas súas formacións de acantilado como dá mostra a inclusión da súa franxa máis costeira no LIC e ZEPVN Costa Ártabra. A escena pode outearse dende o sendeiro situado a unha cota aproximada de 20 metros sobre o nivel do mar que bordea o Monte de Burneira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos residenciais de tipoloxía maioritaria unifamiliar illada, xurdidos ao longo da estrada autonómica AC-566 e dende esta ao lugar de Figueredo, que están desvinculados das actividades rurais e non presentan unha funcionalidade urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, e permitir unha permeabilidade visual coa Enseada de Esteiro.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



